



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
**LABORAL****LOITA**  
**polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 815 Semana do 7 ao 13 de xaneiro de 2019

## 2019: O ANO DO EMPREGO, OS SALARIOS, OS DEREITOS E A IGUALDADE

*UGT convoca un gran acto sindical o 8 de febreiro para esixir ao Goberno que pase “da palabra fácil ao BOE”*

**Redacción.-** As comisións executivas confederais de UGT e CCOO, encabezadas polos seus secretarios xerais, Pepe Álvarez e Unai Sordo, reuníronse esta semana para analizar a situación do diálogo social e as propostas sindicais para os primeiros meses deste ano 2019.

Un ano no que, como sinalou Pepe Álvarez na rolda de prensa posterior, débese “avanzar na recuperación de dereitos, cumprir cos compromisos xa pactados tanto no IV Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) como no diálogo social co Goberno, derrogar a maioría de reformas aprobadas polo Goberno do PP e apostar decididamente pola igualdade”.

“O tempo de propoñer acabou e hai que executar medidas”, afirmou. “A xente non pode esperar máis. Hai que actuar xa e deixar a frase fácil para pasar ao Boletín Oficial do Estado (BOE)”.

Neste sentido, sinalou que “este país crece, xérase moita riqueza que vai a mans duns poucos. É necesario repartir a riqueza que se xera, pola vía do aumento dos salarios, as pensións e os impostos. A negociación colectiva debe ser o instrumento que reparta esa riqueza nas empresas. Hai que apostar pola recuperación de dereitos na negociación colectiva. Non podemos esperar máis”.

Ademais, manifestou a necesidade de “derrogar os aspectos centrais da reforma laboral de 2012 e a reforma das pensións de 2013. O Goberno xa ten os nosos argumentos e hai que desenvolver este camiño de maneira inmediata”.

### Un gran acto sindical o 8 de febreiro

Por iso, e ante a necesidade perentoria de respostas para a cidadanía,



Pepe Álvarez anunciou que hoxe se inicia un proceso de mobilizacións “que constará de asembleas nos centros de traballo, dun gran acto sindical o 8 de febreiro, onde UGT e CCOO reuniremos a 10.000 delegados e delegadas, e que culminará o 8 de marzo, o Día Internacional da Muller Traballadora, coa convocatoria de dúas horas de paro por quenda, contemplando a posibilidade de que, algúns sectores, polas súas particularidades, poidan facela de 24 horas”.

“Se non hai resposta, haberá mobilización”, sinalou. “Non imos esperar a que acabe a lexislatura para solucionar os problemas das persoas. Non estamos decepcionados co Goberno, senón máis ilusionados que nunca. A subida do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) ou das pensións non foron ningún agasallo, pero é insuficiente. Necesitamos abordar outros aspectos fundamentais canto antes, como a derrogación da maioría das reformas aprobadas polo PP”.

Desta forma, esixiu “presionar para que o que está acordado co Go-

verno se leve xa adiante, se é necesario por Real Decreto-Lei. Son medidas urxentes para a cidadanía que non poden quedar durmidas na Mesa do Congreso”.

### Seguir avanzando en igualdade

O secretario xeral de UGT considerou “surrealista e marciano o debate sobre a muller desde algúns ámbitos políticos. Imos combater con todas as nosas forzas este proceso de involución que se está expondo. Recuperar as tradicións non é recuperar a escravitude nin os privilexios para uns poucos”.

Neste sentido, expuxo a necesidade de “non retroceder e seguir avanzando en igualdade. Desde o 8 de marzo falouse moito pero non se fixo case nada. Hai que acabar coa brecha de xénero e o acoso sexual e por razón de sexo nas empresas. Esperamos que o Goberno nos sitúe as súas propostas en relación a esta materia para abordalas canto antes”.

## FE-SP-UGT ASINARÁ O ACORDO DE MELLORA DE EMPREGO E CONDICIÓN DE TRABALLO E RETRIBUTIVAS DO PERSOAL DA XUNTA

*Constitúe un avance importante na recuperación de emprego, salarios e dereitos, restitúe a negociación colectiva e se configura como un instrumento vivo para mellorar as relacións laborais da Xunta de Galicia*

**Redacción.-** FeSP-UGT-Galicia asinará o Acordo de mellora de emprego e condicións de traballo e retributivas do persoal da Xunta de Galicia que trae consigo avances importantes en recuperación de emprego, salarios e dereitos, restitúe a negociación colectiva e se configura como instrumento vivo para mellorar as relacións laborais da Xunta de Galicia.

Froito da restitución da negociación colectiva co II Acordo Estatal de mellora do Emprego, levamos meses demandando un Acordo galego para recuperar emprego, dereitos e poder adquisitivo.

Despois de moitos meses de demandas e reunións, conformouse un Acordo de gran importancia para dereitos dos empregados e das empregadas públicas despois dos anos de recortes nos que soportaron unha gran parte do esforzo de austeridade levada a cabo na Xunta de Galicia.

En materia de emprego non se atopan precedentes dun amplo proceso de provisión e selección destas características, para retornar a taxas de temporalidade menores ao 7% en tres anos, é un obxectivo realista e unha obriga nun servizo público de calidade, con taxa de reposición o 108% para novo acceso, ou a estabilización/consolidación de prazas en convocatorias únicas por concurso-oposición e coa maior valoración legal dos servizos prestados na fase de concurso e probas tipo test na fase de oposición, así como a garantía de promoción interna separada cun mínimo do 40% do total de prazas de acceso libre e exención de probas ou/e gardar notas de probas superadas, e garantía de concurso de tras-

lados con toma de posesión coordinada con ingreso por ofertas de novo acceso e estabilización/consolidación.

En materia de dereitos, os avances concrétnanse en recuperar o dereito ao 100% das retribucións en IT, abrir a negociación de xornadas ponderadas para persoal con quendas, noites ou especial penosidade, establecer unha bolsa do 5% de horas anuais recuperables para conciliación ou a redución do 50% da xornada no primeiro mes tras a incorporación ao posto de traballo despois de tratamentos de especial gravidade, así como recoñecer a aplicación da ampliación do permiso de paternidade cando se estableza a nivel estatal calquera instrumento normativo, e finalmente, comprométese ao estudo e propostas nos supostos de xubilación parcial cara a modificar a normativa estatal.

En materia de funcionarización de persoal laboral, dende unha posición compartida de todas as organizacións sindicais de avanzar cara un réxime xurídico único funcional, a esixencia da voluntariedade e as garantías reguladas centrou as nosas reivindicacións, recuperándose o complemento salarial nin compensable nin absorbible e a contía de laboral do primeiro trienio tras a funcionarización, que non se aplicaban dende 1989, así como garantías de modalidade de prestación de servizos, incorporación de oferta a ampla maioría das categorías, valoración de servizos a todos os efectos, e tendo en conta que é requisito legal para funcionarización superar unha proba selectiva, esta será con temarios reducidos e batería de

preguntas para facilitar a preparación en materias diferentes a esixidas nas probas de acceso.

No relativo a incrementos salariais adicionais, a primeira consideración é que non exclúe a ningún colectivo con aplicación dos fondos adicionais cos incrementos en todos os ámbitos sectoriais, e sinaladamente no do persoal da Administración Xeral, implementando a carreira profesional, e a segunda é que se engaden os incrementos fixos do 2,25+0,25% en 2019 e 2+1% en 2020.

Os incrementos salariais adicionais, non exclúen a ningún colectivo da Administración xeral, e se suman os incrementos fixos do 2,25+0,25% en 2019 e 2+1% en 2020, previstos no II Acordo estatal, supoñen subidas entre o 1,8% e o 2,7% por ano. Os incrementos totais serán do entorno do 4.50% en 2018 e do 5% en 2019, e nos seguintes anos se garante unha media dun 2% a maiores dos incrementos fixos que se apliquen con carácter xeral nas leis de orzamentos.

Os incrementos de carreira profesional da Administración xeral, serán graduais, en 5 anos (B,C1, C2 e agrupacións profesionais) ou 7 anos (A1 e A2), en concepto de carreira extraordinaria nos graos I e II, e se enlazará co grao III ordinario quedando comprometida a súa negociación. O persoal interino ou temporal accederá o grao inicial e o grao I ordinario, e o persoal non funcionarizable por razón de funcións ou discontinuidade de servizos garánteselles un incremento equivalente.

## UGT REXEITA O ERE EN VODAFONE

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores, organización sindical maioritaria en Vodafone, rexeita frontalmente o Expediente de Regulación de Emprego (ERE) presentado polo devandito Grupo e que, segundo comunicaron ás organizacións sindicais, afectaría a un máximo de 1.200 traballadores e traballadoras (dun total de 5.000).

O sindicato subliña que a situación que atravesamos a compañía non é responsabilidade directa do persoal, senón dos xestores da empresa que, coa medida proposta, pretenden solucionar a súa incapacidade demostrada e reiterada

para a toma de decisións estratéxicas acertadas.

Por tanto, UGT considera innecesario e equivocado que se expoña, de novo, un recorte de persoal cando, ademais, fai apenas tres anos, produciuse o último.

O sindicato opónse a calquera medida forzosa que poida afectar ao emprego en Vodafone e ademais insta á



compañía a buscar solucións que non repercutan no nivel de emprego e que cumpran as expectativas de ambas as partes: persoal e empresa.

## TRABALLADORES DE ALCOA CLAMAN EN MADRID EN DEFENSA DO FUTURO DOS CENTROS DA CORUÑA E AVILÉS

**O Comité de empresa da Coruña convoca unha manifestación para o día 13. Sairá ás 12 da Praza da Palloza e rematará na Delegación do Goberno**

**Redacción.-** Máis dun milleiro de traballadores de Alcoa viaxaron este martes nunha vintena de autobuses a Madrid para concentrarse ante o Ministerio de Industria e reclamar un futuro para os centros da multinacional de Avilés e A Coruña. Co lema de "Alcoa non se pecha" centos de traballadores galegos e asturianos foron descendendo dos autobuses á altura do Santiago Bernabéu e avanzaron en manifestación polo Paseo da Castela ataviados con adhesivos e camisetas co lema de "Alcoa non se pecha" ata concentrarse ante as portas do Ministerio. "Energía, solución", "A solución, unha intervención" e "Alcoa sálvese loitando" son algúns dos cánticos que foron repetindo os traballadores fronte a Industria.

A concentración tivo por finalidade reclamar á Ministra de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto, a apertura das mesas de diálogo necesarias para que se poñan en marcha solucións nas que a empresa retire

ou suspenda a formulación de peche e pódase avanzar para garantir o futuro dos centros de Alcoa na Coruña e Avilés e o emprego industrial nas comarcas afectadas.

UGT-FICA espera que o Goberno atenda por fin as demandas sindicais e esixe ao Ministerio de Industria que lidere o proceso e marque unha folla de ruta que garanta unha solución viable para os traballadores de Alcoa. A Federación considera ademais necesaria a participación do Sindicato na elaboración do Estatuto de Consumidores Electointensivos anunciada polo Goberno para achegar a súa visión sobre unha medida necesaria tanto para Alcoa como para o resto de empresas do sector e dirixida a mitigar os efectos do custo enerxético sobre a competitividade.

UGT-FICA agradece ademais o esforzo levado a cabo polos compañeiros e compañeiras de Alcoa que se desprazaron desde



**DOMINGO 13 XANEIRO** **SAÍDA PRAZA DA PALLOZA ás 12:00 do mediodía**  
ata a Delegación do Goberno (Praza de Durense)  
**PARTICIPA!! ÚNETE A NOS!!**



Avilés e A Coruña para manifestar o seu malestar pola falta de medidas e esixir unha solución ao conflito.

### Contratación Pública

## A CONSELLERÍA DE CULTURA INCUMPRE A NOVA LEI DE CONTRATACIÓN PÚBLICA

**Redacción.-** Un ano despois da entrada en vigor da nova Lei de Contratación Pública 9/2017 do 8 de novembro, un tanto por certo amplo dos novos concursos públicos que a Xunta de Galicia promove a licitación seguen realizándose con defectos importantes, que inflúen directamente nas garantías sociais e laborais dos traballadores asignados e con dereitos de subrogación neses concursos, ao non recoller a normativa vixente que desenvolve esa nova Lei aprobada, entre outros, polo Partido Popular.

A Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia publicou o 21 de decembro o concurso de seguridade e vixilancia en varios centros dependentes da Xefatura Territorial da Coruña, como o Museo da Peregrinación, Museo de Belas Artes, Biblioteca Pública Miguel González Garcés, Biblioteca Pública Ánxel Casal; e o 24 de decembro os dependentes da Xefatura Territorial de Pontevedra, como o Museo Massó, Biblioteca Pública Antonio Odrizola e Biblioteca Pública Vigo, obviando que a nova Lei determina unha asignación para a parte económica dun 49% do concurso como máximo e un 51% como mínimo á parte social.

Desde o Sector de Limpeza e Seguri-



dade da FeSMC-UGT entendemos que os conceptos utilizados para elaborar a parte social do concurso esconden aspectos que son meramente económicos, como as xa famosas bolsas de horas, que actúan negativamente sobre o prezo final do concurso e pon en perigo a viabilidade do servizo ao ser soamente as empresas piratas as que poden acceder ao mesmo.

De feito, na maioría destes servizos atópanse empresas como Sinerxias ou Alcor Seguridade con convenios propios que rebaxan as condicións económicas e as

bases de cotizacións entre trescentos e catrocentos euros ao mes, os temas sociais e laborais dos traballadores. Empresa cuxos directivos se atopan imputados e investigados en numerosos procesos penais polos delitos de fraude á Seguridade Social, á Facenda Pública e contra os traballadores, entre outros, no Xulgado de Instancia n.º 2 de Monforte de Lemos.

Por todo isto, FeSMC-UGT solicita á Administración pública en Galicia que non siga promovendo este tipo de fraude contratando a este tipo de empresas.

## UGT ASINA O MANIFESTO "NIN UN PASO ATRÁS"

**Redacción.-** UGT subscribiu o manifesto "Nin un paso atrás" que, asinado por máis dun centenar de organizacións sindicais e sociais, chama á responsabilidade e á mobilización social para impedir o retroceso nos dereitos das mulleres. A partir de agora, tal e como sinala o manifesto, con citas electorais a próxima primavera, imponse a necesidade de que, especialmente as mulleres, polo moito que nos xogamos, exerzamos a nosa responsabilidade democrática e deixemos claro que os nosos dereitos son intocables e que non hai pacto posible con quen defende nas institucións as pretensións dos violentos.



## URXE UNHA REFORMA FISCAL INTEGRAL

**España recauda case 80.500 millóns de euros menos que a media da zona euro**

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores reclama unha reforma fiscal integral para recadar máis e de maneira máis xusta. Unha reforma que inclúa a loita contra a fraude fiscal, limite as exencións e bonificacións e reforce o noso Estado de Benestar.

Ademais, é necesario establecer dunha vez por todas o Imposto ás Transaccións Financeiras e a Taxa Tecnolóxica para disuadir aos investidores que realicen operacións cun fin meramente especulativo. Son impostos xustos e necesarios, demandados polo movemento sindical internacional e europeo e que se están impulsando na UE.

Para UGT, os impostos son clave para mellorar a redistribución da renda, xa que contribúen a mellorar a equidade económica e a cohesión social. Con todo, na actualidade, segundo datos de Eurostat, España recada 7 puntos porcentuais de PIB menos que a media da Unión Europea (37,9% fronte a 44,8%), o que significa que o noso país deixa de recadar 80.500 millóns de euros respecto a Europa.

### No marco desta reforma fiscal máis progresiva, UGT propón:

Situar a loita contra a fraude fiscal no centro da actuación política, dotando ás administracións tributarias dos medios humanos, materiais e técnicos necesarios.

No IRPF, eliminar a tributación dual (con dúas tarifas diferenciadas) que beneficia ás rendas do capital e castiga ás do traballo. Hai que eliminar progresiva-



mente a maioría de deducións fiscais, que favorecen máis aos que máis teñen.

Establecer unha imposición real sobre a riqueza, con carácter xeral, que integre todo o patrimonio dos contribuíntes.

No Imposto de Sociedades, limitar ao máximo as exencións, deducións e bonificacións, especialmente as que afectan na actualidade aos grandes grupos empresariais multinacionais, e garantir un tipo efectivo mínimo.

Revisar a tributación de todos os instrumentos financeiros e societarios que serven para eludir legalmente o pago de impostos sen contrapartidas positivas (como as SICAV).

No IVE, revisar a estrutura de tipos, asegurando que todos os produtos de primeira necesidade tributen ao tipo superreducido, eliminar a exención de sanidade e educación privadas e impulsar en Europa un tipo impositivo ampliado para os bens de luxo.

Deseñar unha fiscalidade ambiental

que nos equipare a Europa, tanto na súa vertente de protección ambiental como na súa capacidade recadatoria, sen descoidar o seu impacto sobre a cohesión social e territorial.

Crear un novo imposto para as vivendas baleiras das entidades financeiras, co propósito de evitar actuacións especulativas e propiciar a súa dispoñibilidade para os parques públicos das distintas administracións públicas.

Gravar de forma homoxénea as cesións e doazóns en todo o territorio nacional.

Establecer un imposto sobre a banca.

Crear un novo imposto que se destine, de maneira finalista, ao financiamento do sistema público de pensións (impuesto de solidariedade).

Ofrecer unha solución estable e satisfactoria, froito dun amplo consenso, á fiscalidade territorial, de modo que cada Administración contribúa ao cumprimento dos principios e obxectivos xerais do sistema.

# O GOBERNO DEBE APROBAR XA O SUBSIDIO PARA MAIORES DE 52 ANOS

*Protexer ás persoas sen emprego, unha prioridade*

**Redacción.-** Máis do 42% dos desempregados non teñen ningún tipo de prestación ou subsidio cando están no desemprego. Esta situación afecta non só maiores, senón tamén a mozos que entraron no mercado laboral da man da precariedade e que estaban a cobrar prestacións como o PAE e o Prepara, substituídos agora polo SEDE tras a sentenza do Tribunal Constitucional que atribuíu ás comunidades autónomas a xestión das axudas.

A reforma deste sistema está a analizarse na mesa do diálogo social, pero é preciso dar un impulso e unha solución urxente para que a cobertura na protección por desemprego aumente no curto prazo e permítaselles aos desempregados deste país saír dos altos niveis de pobreza e exclusión social. As reformas acometidas polo anterior Goberno do Partido Popular fixeron fincapé na desprotección cara aos parados. E mesmo a súa proposta para reformar o sistema recortaba dereitos e foi rexeitada polas organizacións sindicais e pola maioría (nove) das Autonomías.

A Unión Xeral de Traballadores insiste tamén na necesidade de aprobar xa a recuperación do subsidio por desemprego para persoas maiores de 52 anos de idade, que o Goberno do Partido Popular elevou a 55 anos. É unha proposta sindical de enorme importancia social que implicaría, ademais derrogar as regresivas reformas de 2012 e 2013.

Esta medida favorecería non só a beneficiarios futuros senón tamén aos actuais, in-

cluindo as persoas desempregadas que perderan o dereito ao subsidio por desemprego debido aos recortes realizados polo anterior Goberno.

Para o Sindicato, tan importante como a extensión dos beneficiarios e a ampliación da duración da prestación económica (ou mesmo máis), é a mellora dos dereitos de pensión para todas as persoas beneficiarias. Trátase de manter as prestacións dos desempregados máis desfavorecidos e, sobre todo, impedir que se vexan condenados a pensións mínimas para o resto da súa vida.

A restitución das condicións deste subsidio foi unha esixencia permanente dos sindicatos, xa que afecta a un dos grupos sociais máis golpeados pola crise, con maior risco de afundimento das súas condicións de vida (ausencia de ingresos, imposibilidade de volver ao emprego, e drástica caída dos dereitos de pensión e con iso, definitivamente, das súas condicións de vida) e que máis complicacións ten para atopar emprego.

Poderían acceder a este subsidio persoas que cumpran 52 anos de idade e estean inscritos de forma permanente como demandantes de emprego, cumprindo o resto dos requisitos esixidos (antes só podían acceder se cumprían a idade de 55 mentres percibían unha prestación ou subsidio por desemprego,



se non era así quedaban expulsados).

O requisito de carencia de rendas referíase só a rendas persoais (o PP elevouno a rendas familiares).

A duración do subsidio estenderase ata que a persoa beneficiaria alcance a idade ordinaria de xubilación (antes obrigábase á xubilación na primeira oportunidade que tivese acceso, é dicir a unha xubilación anticipada e por tanto reducida).

A contía do subsidio non se reducirá, aínda que o último traballo fose a tempo parcial (antes reducíase a contía en proporción ás horas que se traballou).

Elévese a cotización ao 125% da Base Mínima de Cotización (antes só o 100% desa Base), que ademais se cotizará por un período maior debido, en primeiro lugar, á redución da idade de acceso aos 52 anos e, en segundo termo, á prolongación da duración do subsidio ata alcanzar a idade ordinaria de acceso á xubilación.

# O GOBERNO DÁ AS COSTAS AO DIÁLOGO SOCIAL NAS PRÁCTICAS NON LABORABLES

**Redacción.-** RUGE, Revolución Uxetista, subliña que a disposición adicional quinta do Decreto Lei 28/2018 para a revalorización das pensións e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego pola que os estudantes en prácticas –formativas, non laborais e académicas- deberán cotizar á Seguridade Social foi aprobado polo Goberno de maneira unilateral, sen previa consulta cos interlocutores sociais.

Os mozos do sindicato non entenden que despois de tres meses de negociacións do Plan de Emprego Xuvenil nas que as organizacións sindicais trataron de sacar adiante un Estatuto das prácticas non laborais, mentres que o Goberno bloqueaba esta iniciativa e deixábaa para unha negociación posterior no marco do Diálogo Social, e agora, aprobe esta modificación nunha disposición adicional do último Real Decreto do ano.

Para RUGE este tipo de decisións só buscan protagonismo e traizoan os acordos alcanzados cos interlocutores sociais pero fan fraco favor ás persoas en prácticas, xa que, para empezar, o Goberno incluíu a todas as prácticas no mesmo saco, o que, como é lóxico, xerou o desconcerto na comunidade universitaria.

RUGE-UGT lembra algunhas das propostas sobre prácticas non laborais que xa están encima da mesa:

Sobre as prácticas curriculares, reivindica que a representación legal dos traballadores nas empresas debe ter acceso ao convenio de colaboración, ao contrato en prácticas e teñen que ser, para todos os efectos, os representantes lexítimos deste colectivo mentres se atope na empresa.

Ademais, debe existir un máximo de per-



soas en prácticas en función do número de traballadores en plantilla e que a cotización, neste caso, debe garantir que ese tempo sexa computable para os efectos dunha futura xubilación ou incapacidade permanente.

Sobre as prácticas extracurriculares, deben eliminarse tal e como se coñecen na actualidade xa que a totalidade das prácticas realizadas baixo esta modalidade só perseguen o ter unha persoa, sacando traballo da empresa pero sen pagar un salario.

# AIREF CONFIRMA QUE O SISTEMA DE PENSÍONS É SOSTIBLE, COMO DEFENDE UGT

*Valoración de UGT respecto do informe da AIREF sobre o sistema de Seguridade Social*

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores considera que o informe presentado esta semana pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal sobre a sustentabilidade do Sistema de Seguridade Social é unha achega de inestimable importancia, porque achegou luz onde antes só había a escuridade dos informes das entidades financeiras, que trataban unha vez tras outra de inventar escenarios catastrofistas de futuro para defender a insostenibilidade das pensións e a necesidade de recortalas.

O informe da AIREF é unha achega de inestimable importancia para a comprensión das forzas políticas e da sociedade en xeral de que: o sistema de pensións é perfectamente sustentable, incluíndo o mantemento do poder adquisitivo; que o déficit actual é resultado de que a SS paga moitas cousas que non debe; e que a súa solución, como tantas veces dixemos, pasa por deixar de facelo e pasa porque o Estado asuma os gastos que lle corresponde e non as cotizacións á Seguridade Social.

En concreto, a AIREF coincide con UGT en que hai catro grandes conceptos que está a pagar indebidamente a Seguridade Social e que son: gastos non contributivos (subsídios por desemprego) e Políticas de Emprego; axudas á contratación (redución de cotizacións que deberían ser pagadas polos PXE), tarifas planas e apoios ao emprego; subsidios a determinados grupos e colectivos

dentro da Seguridade Social (que se pagan con cotizacións do Réxime Xeral); os gastos de funcionamento da Administración (salarios, compras de bens e servizos, investimentos); e que con ese axuste e racionalización de gasto, o déficit da Seguridade Social desaparece (e queda onde corresponde: no ámbito do Estado).

A solución do desequilibrio a curto prazo saíu á luz e é a que dicía UGT: a que lle dicíamos ao PP e a que lle dicimos ao Goberno actual.

Alegrámonos de que a propia ministra de Economía o faga seu.

E no longo prazo, o informe pon negro sobre branco, con todo luxo de datos:

Que facendo cálculos e supostos sensatos (e non artificialmente catastrofistas) o gasto futuro en pensións é sustentable dentro de 20, 30 e 40 anos.

Que non facía falta o IRP de 2013, que as pensións poden perfectamente manter o poder adquisitivo, e que este pode e debe ser derogado.

Que incluído este e no momento máis alto de xubilacións, o gasto en pensións (ao redor de 2040, dentro de máis de vinte anos) será inferior ao de once países da UE.

Que se pode perfectamente financiar, como van facer os demais países.

Necesitamos adoptar medidas, por suposto, pero non recortes: que a xente non sexa expulsada polas empresas do emprego e sexan recortadas as súas pensións; que mellore o emprego, aumentando a taxa de actividade, reducindo a taxa de paro e mantendo os niveis actuais de poboación en idade de traballar; que aumente a calidade do emprego e os salarios; que se mellore a igualdade e a conciliación laboral; que as melloras de cotización dos traballadores trasladense ás pensións; que se adopten políticas útiles para o futuro:

Dirixidas á natalidade e á protección familiar; a mellorar o tecido produtivo, a eficiencia económica e os mercados; a modernización e adaptación das prestacións; a mellor xestión dos fluxos migratorios.

O informe achegou luz onde antes só había a escuridade dos informes das entidades financeiras, que trataban unha vez tras outra de inventar escenarios catastrofistas de futuro para defender a non sostibilidade das pensións e a necesidade de recortalas. Os escenarios de futuro son moito máis solventes que os realizados polo sector privado. Só quedanos levar estas ideas á práctica a través do Diálogo Social. E niso estamos comprometidos.

## HAI QUE CONTROLAR O INCREMENTO DOS PREZOS DA VIVENDA

**Redacción.-** A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, Mari Carmen Barrera, mantivo unha reunión coa secretaria xeral de Vivenda, Helena Beunza, para analizar a situación da vivenda no noso país e presentar as propostas do sindicato nesta materia.

Barrera subliñou que, entre outras cousas, pediuse ao Goberno que “a futura Lei de Vivenda faga fincapé na necesidade de dotar a este país dun parque social de vivendas como o que teñen outros países que dedican ata un 47% das súas vivendas a aluguer social”.

“España non ten ese parque social e tendo en conta que os prezos dos alugueres seguen aumentando, ata nun 30% mentres que, nese mesmo período, desde 2007 a 2014 os salarios subiron tan só un 2,5%, é absolutamente necesario”.

“O acceso á vivenda é un problema, xa que a maioría dos cidadáns deben destinar unha gran parte dos seus salarios a vivenda. Ademais, coa política de vivenda hai que loitar contra a pobreza, xa que segue habendo unha elevada taxa de poboación que non pode acceder a ningún tipo de vivenda, condicionando esta, a súa situación de pobreza”, subliñou.

Nese sentido, Mari Carmen Barrera, sinalou que “en España ten que desaparecer esa secuela que arrastramos no mercado da vivenda, pola ausencia de control dun mercado absolutamente opaco e polas políticas absolutamente liberais do Goberno do PP”.

“Hai que acabar co drama da vivenda no noso país. Non pode ser que en España haxa persoas que non teñen esa necesidade cuberta e, por iso, pedimos que se



dean pasos para aumentar a transparencia e a información desde o público establecendo un índice público de prezos da vivenda que teña un control a través dunha serie de políticas a nivel estatal e a través do cal se poida facer un control efectivo e eficaz do incremento dos prezos, non só dos alugueres, senón tamén da vivenda en propiedade”, engadiu.

Trátase da primeira reunión que UGT mantén co Goberno en materia de vivenda tras a rolda de encontros cos partidos políticos de todo o arco parlamentario.